



## **CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)**

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

### **ORDENANZA FISCAL Nº 13: REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MERCADORÍAS, ENTULLO, VALADOS, GUINDASTRES, ANDAMIOS E OUTROS ELEMENTOS.**

#### PUBLICACIONES.

INICIAL, BOP 30/12/98

ADAPTACIÓN LEY 25/1998, BOP 31/12/98

MODIFICACIÓN, BOP 24/12/2011.

MODIFICACIÓN BOP 29/12/2012.

MODIFICACION 26/12/2013.

---

#### Concepto

**Art. 1º.-** De acordo co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo (texto refundido da Lei reguladora das facendas locais), este concello establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, entullo, valados, guindastres, estadas e outros elementos.

A presente taxa derívase igualmente da normativa que se contén; na Lei 25/98, de 13 de xullo, modificadora do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenamento das Prestacións de Carácter Público.

#### Obxecto

**Art. 2º.-** Será obxecto desta taxa a ocupación do solo e, no seu caso, o voo, da vía pública con:

- a) Valados, guindastres, andamios e instalacións similares.
- b) Depósito de mercadorías ou materiais de calquera clase.

**Art. 3º.-** Esta taxa é independente e compatible coa taxa por concesión de licencias urbanísticas.

**Art. 4º.-** Cando con ocasión de aproveitamentos regulamentados na presente ordenanza se producisen desfeitos no pavimento ou instalacións da vía pública, os titulares daqueles están suxeitos ó reintegro do custo total dos gastos de reconstrución, reparación, reinstalación, arranxo ou conservación destes desfeitos, en conformidade coas liquidacións que se practiquen polos servizos técnicos.

#### Obriga de pagamento

**Art. 5º.-** 1. A obriga de pagamento desta taxa nace do outorgamento da correspondente licenza, ou dende que se inicie o aproveitamento se actuase sen a debida autorización.

2. Están solidariamente obrigados ó pagamento as persoas naturais ou xurídicas que se atopen nos seguintes casos:



## **CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)**

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

- a) Titulares das licencias.
- b) Propietarios ou posuidores das obras ou edificios que se beneficien dos aproveitamentos.
- c) Quen realice materialmente os aproveitamentos.

### **Contía**

**Art. 6º.-** A contía desta taxa fixarase de acordo coas seguintes tarifas:

1ª. Guindastres: Durante os primeiros 6 meses, 77,78 € como máximo, con pagamento anticipado; despois do 6º mes, a 103,71 €/mes.

2ª. Valados por m/día : 0,30 €.

3ª. Andamios por m/día : 0,30 €.

4ª. Mercadorías, materiais e outros: Que poderá ser autorizada só en casos excepcionais, 19,28 € ó día desde o primeiro día, sen superar en ningún caso os dez días.

5ª. Contenedores de obra: 10,37 €/día.

6ª. Maquinaria e outras instalacións análogas: Autorizado só en casos excepcionais, 19,28 € ó día desde o primeiro día, sen superar en ningún caso os dez días.

Os pés dereitos que sosteñan andamios deberán estar situados de forma que permitan, a través dos mesmos, a libre circulación dos peóns, e a súa altura mínima será de 2,20 metros.

Se nunha obra de construción na que se instalase un valado, pasado un ano non fose substituído por pés dereitos, o prezo que se debe satisfacer pola instalación do valado terá unha recarga do 100%.

Os prezos terán unha recarga do triple cando terminada a obra obxecto da instalación, ou caducada a licenza, o aproveitamento continúe.

### **Normas de xestión**

**Art. 7º.-** A taxa regulada na presente ordenanza liquidarase por cada aproveitamento solicitado ou realizado; será irreducible polos períodos de tempo sinalados nas tarifas e farase efectiva ó retirar a oportuna licenza.

**Art. 8º.-** A taxa considerarase aplicada dende que nace a obriga de pagamento e liquidarase por cada aproveitamento solicitado e conforme ó tempo que o interesado indique ó solicitar a licenza; de non se determinar o tempo, seguiranse producindo liquidacións dos períodos irreducibles sinalados nas tarifas ata que o interesado formule a declaración de baixa.

**Art. 9º.-** As persoas naturais ou xurídicas interesadas na obtención dos beneficios regulados na presente ordenanza, presentarán no Concello a solicitude detallada da súa natureza e tempo de duración, lugar exacto onde se pretende realizar, sistema de limitación e, en xeral, as indicacións que fosen necesarias para a exacta determinación do aproveitamento desexado.

De non se determinar a duración do aproveitamento, os titulares das respectivas licencias presentarán a oportuna declaración de baixa ó cesar aquel, co fin



## **CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)**

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

de que a administración municipal deixe de practicar as sucesivas liquidacións a que se fai referencia o art. 8º.

As tarifas especificadas nesta ordenanza, incrementarase anualmente en función do IPC correspondente.

### **Disposición final.**

Esta ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno municipal en reunión do 31 de outubro de 2013, substitúe e derroga ó da anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.